

# Introdución

## Benvidos!

No noso día a día, adoitamos desprazarnos con facilidade dun lado a outro da nosa **localidade** (á clase, ao parque, á biblioteca, á casa). Facémolo de xeito case automático, sen darnos de conta de que aquilo que para nós non é ningunha barreira (un pequeno bordo na beirarrúa, un semáforo etc.) pode supoñer unha gran dificultade para outras persoas.

**A cidade é de todos, para todos e facémola entre todos. Sen exclusións.** É un dereito e unha obriga de toda a cidadanía facer que o noso ámbito sexa accesible. É dicir, **lograr que todos poidamos desenvolvernos nel con comodidade, seguridade e eficacia.** Por iso, este ano invitámosvos a saír á rúa e redescubrir o voso barrio con novos ollos.

Mellor aínda, propoñemos que ti e o teu alumnado vos poñades no lugar doutras persoas que teñen problemas para ver, para oír, para camiñar... **Analizade o voso ámbito con detalle e dende unha nova perspectiva, a daquelas persoas que viven con algún tipo de discapacidade.** Tomade nota daquilo que consideredes que pode supoñer unha barreira ou unha dificultade para outras persoas e pensade en como o solucionaríades para facer máis accesible o voso barrio.

Parcévos difícil? Tranquilos, esta unidade didáctica foi desenvolvida por especialistas para axudarvos a aproximar doadamente o voso alumnado ao tema da discapacidade e sensibilizalo sobre a problemática da accesibilidade urbana.

**Listos? Pois o semáforo está en verde. Cruzade connosco a un mundo sen barreiras!**

## A discapacidade

Antes de afondar na problemática da accesibilidade para as persoas con discapacidade, o lóxico é que nos formulemos e lle expliquemos ao noso alumnado:

## Que é a discapacidade?

Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde), a discapacidade é un fenómeno complexo no que se interrelacionan 3 factores:

- **As deficiencias:** os problemas que afectan unha estrutura ou función corporal.
- **As limitacións da actividade:** é dicir, as dificultades para executar accións ou tarefas.
- **As restricións da participación:** son problemas para participar en situacións vitais. É dicir, cantos máis obstáculos crea a nosa sociedade máis discapacitadas volve as persoas.

## Que discapacidades existen?

A pesar de que con frecuencia adoitamos ter na mente dúas ou tres discapacidades, hai máis das que imaxinades. Non obstante, poderíamos clasificalas todas elas nos seguintes tipos:

- **Discapacidades físicas** (motórica e orgánica).
- **Discapacidades psíquicas** (discapacidade intelectual e trastorno mental).
- **Discapacidades sensoriais** (xordeira, cegueira, xordocegueira).

Debemos lembrar que algunhas persoas viven con máis dunha destas discapacidades, o que lles fai aínda máis difícil desenvolverse nun mundo que fixemos á nosa medida.

## A accesibilidade

Con “**Fai o teu barrio accesible**” queremos que nos axudedes a concienciar a toda a sociedade (empezando polos vosos familiares, amigos, veciños) sobre o importante que é compartir lugares públicos exentos de barreiras, para que todos, todos, poidamos gozar dos espazos comúns que temos no noso ámbito máis próximo.

## Que é a accesibilidade urbana?

A accesibilidade urbana pódese definir como a **facilidade coa cal se logra o gozo da cidade en todas as súas dimensións** (compras, ocio, traballo...). Non debemos interpretar as deficiencias de accesibilidade que nos rodean como simples **dificultades no desprazamento** dalgunhas persoas, senón como causantes de **situacións de marxinación e de accidentes**.

### **“Accesibilidade universal” e “Deseño para todos”:**

É a condición e actividade que deben cumprir os contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e de forma autónoma e natural

Por outra banda, non nos enganemos: **a accesibilidade non afecta só persoas con discapacidade, senón o conxunto das persoas que vivimos e nos desprazamos polo barrio, a cidade, a vila...** Invitámosvos a facer reflexionar o voso alumnado sobre algo que a miúdo non temos en conta: **todos poden chegar nalgún momento a vivir moi de preto a discapacidade debido a lesións físicas, enfermidades ou o simple envellecemento:**

- Quen non tivo algunha vez unha perna escaiolada e dificultade para subir a un autobús coas muletas?
- Quen non tivo algunha vez unha perna escaiolada e dificultade para subir a un autobús coas muletas?
- Quen non se molesta ao ver a súa avoa enfrontarse a un bordo demasiado alto? Pensamos que tamén nós seremos algún día anciáns coas mesmas limitacións físicas?

## **Barreiras de accesibilidade:**

Son **todos aqueles factores no ámbito dunha persoa que impiden desenvolverse neste con comodidade, seguridade e eficacia**.

Tipos de barreiras:

- **Arquitectónicas:** Accesos dos edificios públicos e privados cun desnivel inapropiado, portas estreitas ou de tipo xiratorio, escaleiras con altos chanzos e sen pasamáns, corredores angostos, ramplas inadecuadas, inexistencia de ascensores ou con dimensións insuficientes, chans irregulares ou esvaradíos, aseos non adaptados ou inaccesibles, portelos, mostradores e interruptores situados a excesiva altura etc.
- **Urbanísticas:** Beirarrúas inexistentes ou estreitas, rúas con excesiva pendente, pavimentación irregular, esvaradía ou en mal estado, gabias sen protexer, bordos altos, inexistencia ou mala sinalización dos pasos de peóns, sinalizacións verticais, farois ou papeleiras no medio das beirarrúas, quioscos e terrazas de bares ocupando zonas peonís, automóbiles e motocicletas mal estacionados, escasas prazas de aparcadoiro reservadas aos vehículos de discapacitados etc.
- **Nos medios de transporte públicos:** Accesos demasiado elevados, corredores estreitos, falta de información visual e/ou auditiva etc.
- **Comunicativas:** Imposibilidade de escoitar un aviso por megafonía nun recinto público, dificultades para realizar unha xestión ante un portelo administrativo ou por teléfono, imposibilidade de acceder a unha información escrita ou en medios dixitais...

## **Barrios accesibles por dereito:**

Dende o ámbito lexislativo, poderíamos citar unha longa lista de leis e disposicións dirixidas a defender a accesibilidade universal. Sen ir máis lonxe, a **Constitución española**, no seu **artigo 14**, defende a **igualdade de todas as persoas sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social**. Este artigo foi a clave para o desenvolvemento posterior de toda a lexislación en materia de discapacidade e accesibilidade.

Non obstante, **aínda que en cuestión de accesibilidade urbana e física, España é un**

**dos países europeos cunha lexislación máis avanzada e desenvolvida**, esta realidade xurídica **non serve de nada se non logramos que tome forma nas rúas** das nosas cidades, nos medios de transporte e nos edificios públicos, na comunicación, nos servizos municipais etc. E esa é **unha tarefa de todos**.

Para calquera cidadán, o barrio é o lugar natural onde desenvolve a maior parte das súas actividades (ir á clase, a comprar, á biblioteca, ao parque...). Por iso, a nosa sociedade só mellorará na medida en que logremos que calquera persoa poida desenvolverse no seu ámbito máis próximo e acceder aos bens e servizos que se ofrecen na súa comunidade.

**Continuemos traballando na construción de ámbitos máis humanos e habitables para todos: Fai o teu barrio accesible!**

# Conceptualización Pedagógica

“Fai o teu barrio accesible” xorde da necesidade de lles **transmitir ás novas xeracións valores** que complementen a súa formación académica sobre algo máis ca unha serie de coñecementos, fomentando unha **actitude analítica**, un **sentimento solidario** e un **espírito crítico** ante o mundo no que viven.

Pero este ano non queremos que o esforzo do voso alumnado quede dentro da aula. Cremos firmemente na capacidade dos nenos e dos mozos de mellorar o mundo con pequenos xestos, desde o sinxelo e o cotián, así como de sensibilizar e involucrar os propios adultos na tarefa: mil campañas televisivas feitas por grandes publicitarios xamais lograron o que os nenos conseguiron nas súas casas con só dicir “Papá, pon o cinto!” ou “Non botes todo o lixo no mesmo caldeiro, mamá!”

Por iso, a través do que logredes transmitirilles na aula, das vivencias que poderán experimentar mediante as actividades propostas máis adiante e coas reflexións que extraian delas, estamos seguros de que os vosos alumnos serán este ano auténticos **axentes de cambio no seu ámbito**.

## Obxectivos xerais de “Fai o teu barrio accesible”:

- Promover o coñecemento xeral das discapacidades e a responsabilidade que todos temos en conseguir un medio accesible.
- Sensibilizar a todos os axentes implicados na comunidade educativa (alumnado, pais, profesorado).
- Achegar solucións para facer os nosos barrios máis humanos e habitables para todas as persoas.

## Vinculación co currículo escolar:

Os cimentos deste concurso escolar desenvolvéronse tomando como referencia a **LOE**, que ten como finalidade:

- Formar o alumnado para que asuma os seus deberes e exerza os seus dereitos como cidadáns responsables.

**“Fai o teu barrio accesible”** enmárcase dentro do **Plan de acción tutorial (PAT)** de secundaria, o cal busca a consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

- Coñecer, asumir e exercer os seus deberes e dereitos a través da práctica da **tolerancia, a cooperación e a solidariedade**.
- **Valorar e respectar a igualdade de dereitos e oportunidades** para todos, rexeitando a discriminación.
- Reflexionar sobre os valores que rexen a sociedade, respectando os dereitos, deberes e liberdades da cidadanía, para ter unha actitude e posición propia ante ela.

Por último, tivemos en conta que todo **PAT** debe contar coas seguintes **liñas de actuación**:

- Promover e reforzar o desenvolvemento do alumnado
- Orientar para que o alumnado utilice o seu potencial
- Contribuír ao seu crecemento persoal

Así pois, deixamos nas túas mans esta ferramenta educativa como vehículo de transmisión de valores ao teu alumnado. **¡Abre esta porta e sae ao barrio co teu alumnado!** ...pero con outros pés, con outros ollos, con outros oídos e con outra mente.

# Actividades

*"Contáronmo e esquecino; vino e entendino; fíxeno e aprendino."*

*- Confucio -*

Iso é o que "Fai o teu barrio accesible" pretende, concretamente a través desta proposta de actividades, enfocadas todas elas a lle **achegar ao alumnado da ESO a realidade de cada discapacidade desde algo máis ca a teoría.**

Só cando se poidan poñer na pel destas persoas poderán **comprender máis de preto as súas dificultades diarias** e seralles máis doado **achegar solucións para o cambio urbano.** Por iso vos ofrecemos un amplo abano de actividades, para que elixades aquelas que consideredes máis útiles para desenvolver a empatía do voso alumnado cara ás persoas con discapacidade e cara á problemática da accesibilidade.

*"Un encontro de dous, cara a cara. E cando esteas preto, tomarei os teus ollos e poreinos no lugar dos meus, e ti tomarás os meus ollos e poralos no lugar dos teus. E logo mirareite cos teus ollos e ti mirarasme cos meus."*

*- J. L. Moreno -*

## **Obxectivos xerais das actividades:**

- Coñecer os diferentes tipos de discapacidade e as súas características e como realizan actividades esta persoas na súa vida cotiá.
- Experimentar e reflexionar sobre as barreiras físicas, sociais e de comunicación que teñen que superar as persoas con discapacidade e a necesidade de eliminar as devanditas barreiras.
- Fomentar valores cooperativos e de colaboración en equipo contando coas fortalezas e fraquezas de cada un.
- Verbalizar os sentimentos que foron xurdindo ao realizar a actividade e reflexionar sobre as adaptacións que serían necesarias.

- Tomar conciencia das dificultades coas que se atopan as persoas con discapacidade, achegando solucións válidas e sinxelas ao seu alcance.
- Estimular a reflexión e o debate sobre a necesidade de adaptar os espazos públicos e privados para xerar ámbitos de accesibilidade universal.
- Promover unha actitude positiva cara ás persoas con discapacidade.

**Nota:** recomendamos que o profesor garde materiais dos traballos realizados nas distintas actividades, así como fotografías do alumnado desenvolvendo cada unha delas. Na actividade 8 propónse a posta en marcha dunha exposición escolar para pais e amigos, para o cal vos serán moi útiles todos eses testemuños.

# Actividades para a ESO

## 1. Título: As miñas mans falan (discapacidade auditiva e visual: xordocegueira)

### Obxectivo:

Experimentar a comunicación a través do alfabeto dactilolóxico en palma que usan as persoas xordocegas.

### Alumnado:

ESO.

### Áreas curricular:

Titoría.

### Duración:

1 sesión.

### Desenvolvemento da actividade:

O profesor comezará preguntándolle ao alumnado como cre que se comunican as persoas que teñen unha discapacidade auditiva e visual, que non poden oír palabras nin ver a linguaxe de signos.

Despois falaralles do **alfabeto dactilolóxico en palma ou táctil**, o sistema de comunicación empregado polas persoas con xordocegueira. Para poder falarlles diso, recomendámoslles consultar esta ligazón da Fundación ONCE:

<http://www.foaps.es/la-sordoceguera/sistemas-de-comunicacion>

Posteriormente, mediante ordenador e conexión a internet, o profesor axudaraos a coñecer máis de preto o alfabeto dactilolóxico en palma mediante estas dúas ligazóns da Asociación de Xordocegos de España:

- Explicación visual: [www.asocide.org/alfabeto/Alfabeto2.swf](http://www.asocide.org/alfabeto/Alfabeto2.swf)
- Descripción escrita: [www.asocide.org/alfabeto/vacesible.htm](http://www.asocide.org/alfabeto/vacesible.htm)

O profesor deixarlles un tempo para se familiarizaren con el. Logo, por **parellas**, os alumnos deberán comunicar o seu nome e apelidos utilizando este sistema.

A continuación, xogarán a que o compañeiro adiviñe unha frase expresada en alfabeto dactilolóxico en palma. Para iso, o profesor poderá suxerirlles ao oído algunhas **frases relacionadas co concurso**:

- Fai o teu barrio accesible.
- A cidade é de todos.
- Todos somos iguais.
- No meu barrio non hai barreiras.
- O meu colexio é accesible.
- Temos que romper as barreiras.
- Como se chama a rúa paralela á do colexio/instituto?
- A que hora pasará o autobús?
- Onde está o metro máis próximo?

Logo as parellas intercambiarán os roles: o emisor pasa a ser receptor e viceversa.

Para finalizar, o profesor iniciará un debate formulando estas ou outras preguntas:

*Foi difícil?*

*Como vos sentistes?*

*Entendiades ben o voso compañeiro ou compañeira cando vos deletreaba?*

*Como credes que se moven pola rúa as persoas con esta discapacidade?*

*Que fan cando se desorientan ou precisam preguntar onde están?*

**Materiais:**

Ordenador, conexión a internet, ligazóns web de Fundación ONCE e ASOCIDE.

**Conclusións:**

Cofecer o alfabeto dactilolóxico en palma e utilizalo de forma funcional.

**2. Título: Mirando con outros ollos (discapacidade visual)****Obxectivo:**

Experimentar as diferentes formas de visión que pode presentar unha persoa con discapacidade visual.

**Alumnado:**

ESO.

**Área curricular:**

Titoría

**Duración:**

1 sesión.

**Desenvolvemento da actividade:**

A pesar de que os alumnos seguramente pensarán en “cegos”, non existe un único tipo de discapacidade visual. Esta actividade enfócase ao seu coñecemento e experimentación.

O profesor pedirá que se distribúan en **parellas ou equipos de 3** alumnos. Cada equipo/parella deberá contar cunhas **lentes de mergullar** ou cunha copia do **equipo** dispoñible ao final desta actividade.

A primeira parte da actividade consiste en realizar, sobre as lentes de piscina ou sobre o equipo, distintos modelos de “discapacitadores de visión” (dispoñibles ao final desta actividade) que irán intercambiando e axudarán a experimentar os diferentes tipos de visión (visión en túnel, visión borrosa, dificultades de enfoque...)

Después, el profesor les invitará a realizar un circuito por el colegio o una actividad cotidiana de la vida escolar (una clase, ir a la biblioteca,...) utilizando las gafas con las distintas plantillas y distintos tipos de visión.



Ao finalizar, farase unha posta en común e reflexión: deberán comentar como se sentiron, que tal viron, con cal dos equipos viron mellor, que estratexias usaron para poder realizar a actividade con éxito, como cren que condiciona a visión á hora de desenvolverse polo barrio etc.

### **Materiais:**

Rolos de papel hixiénico, cartolina negra, punzón, fundas arquivadoras semitransparentes, lentes de piscina...

### **Conclusións:**

Con esta actividade os alumnos sentirán en propia persoa os distintos tipos de visión e as dificultades que se poden atopar á hora de facer unha actividade cotiá, que comprendan que hai moitos tipos de problemas de visión, non só a cegueira total.



<sup>1</sup> En este molde se deberá poner un plástico opaco.

<sup>2</sup> En este molde se deberá poner un plástico opaco.

### 3. Título: “Guía” (discapacidade visual)

#### Obxectivos:

Aprender a guiar unha persoa invidente, sensibilizándose con ela e sendo capaces de guiar de xeito activo e empático.

#### Alumnado:

ESO.

#### Área Curricular:

Titoría.

#### Duración:

1 sesión.

#### Desenvolvemento da actividade:

Esta actividade desenvólvese en dúas fases.

Na **primeira fase**, o profesor dividirá a clase en dous grupos: os alumnos do grupo A sairán fóra da aula, onde deberán tapar os ollos e esperar. Mentres, ao grupo B explícaselle o seguinte: cada alumno do grupo B elixirá un compañeiro do grupo A e guiarao por un circuíto indicado polo profesor. Para iso, simplemente collerán polo brazo a súa parella “invidente” e realizarán o percorrido sen intercambiar unha soa palabra. Tras esta explicación, o profesor fará entrar os alumnos do grupo A e realizarase a actividade tal e como se detallou.

Unha vez que todas as parellas rematen o percorrido, dará comezo unha **segunda fase**. Os do grupo B (os guías da primeira fase) sairán fóra da aula e vendarán os ollos. Mentres, os do grupo A recibirán por parte do profesor, dentro da aula, un curso rápido de **como ser un bo guía** (recomendacións adxuntas ao final desta actividade). Coñecidas estas pautas, faranse entrar os alumnos do grupo B para que os do grupo A fagan de guías poñendo en práctica o aprendido.

Rematado o percorrido, para a **reflexión final**, cada grupo comentará como se sentiu e,

sobre todo, tratarase de destacar se no segundo caso se sentiron mellor ao ser guiados axeitadamente pola súa parella. Axudaran antes unha persoa invidente na rúa? Fixérono correctamente? Sentíronse incómodos por non saber que facer? Se volven atoparse cunha persoa con discapacidade visual, saberán axudala mellor agora?

O profesor facilitaralles copias dos consellos e repasaranos conxuntamente.

### **Materiais:**

Panos para vendar os ollos, consellos para guiar ben (ao final desta actividade).

### **Conclusións:**

Vivir a experiencia como invidentes e como guías en ambas as dúas situacións (con e sen explicación do guía).

### **Como actuar fronte a unha persoa invidente?**

É natural que a primeira vez que nos encontremos cunha persoa invidente esteamos algo desorientados respecto de como actuar ante ela. Os seguintes consellos poden servir para facer que nos sintamos máis seguros e facilitar así a comunicación:

- Saúda e pregunta se lle podes axudar. Non a collas do brazo sen máis. O feito de que unha persoa teña unha discapacidade visual non debe levarnos a supoñer que necesita a nosa axuda.
- Non hai que forzar a recibir unha axuda non necesaria: en moitos casos, cando unha persoa solicita unha axuda puntual (cruzar unha rúa, o número do autobús que se achega etc.) empeñámonos en impor a nosa axuda máis alá do que a persoa precisa.
- Sitúate ao seu lado, medio paso por diante da persoa cega e ofrece o teu brazo para que se agarre a el. Nunca deberemos situarnos detrás e agarrar o seu brazo ou roupa (e menos aínda o seu bastón) para empuxalo cara a diante.
- Adapta o paso ás características da persoa con discapacidade visual e do terreo para que esta camiñe comodamente e con seguridade.

- Mentres camiñades, ofrécelle información relevante sobre o contorno inmediato (se vos aproximades a un chanzo, se ten unha varanda á dereita para se agarrar, se chegades a unha porta...).
- Nas escaleiras, fai unha breve pausa antes de iniciar a subida ou a baixada. Indica se dispón de varanda por se prefire usala en lugar do teu brazo. Vai sempre un chanzo por diante. Unha vez finalizada a subida ou baixada, volve facer unha breve pausa antes de seguir camiñando para indicar que a escaleira terminou. Se temos que parar sen finalizar a escaleira, explica verbalmente a situación para evitar que interprete a nosa parada erroneamente como a fin da escaleira.
- Para acompañalo a sentarse (un banco, un asento en transporte público etc.), avísaa ao chegar e coloca a súa man sobre o respaldo se vos achegades por detrás. Cando nos achegamos de fronte, debemos indicarlle verbalmente que o asento está situado xusto fronte a ela.

**Nota:** a unha persoa que vai con can guía hai que preguntarlle primeiro se quere agarrarse a nós ou se prefire darlle a orde ao can de que nos siga. En caso de agarrarse a nós, ten en conta que debes situarte á súa dereita e ofrecerlle o teu brazo esquerdo, xa que o can vai á súa esquerda.

#### **4. Título: Comunicando en silencio (discapacidade auditiva)**

##### **Obxectivos:**

Ser capaces de romper as barreiras comunicativas.

##### **Alumnado:**

ESO.

##### **Área Curricular:**

Titoría.

## **Duración:**

1 sesión.

## **Desenvolvemento da actividade:**

Se nos atopamos no noso día a día cunha persoa cunha discapacidade auditiva, non debemos sentirnos incómodos ou preocupados por como facernos entender.

O profesor pedirá que se xunten por **parellas**. Un membro da parella terá que comunicar sen voz, mediante **linguaxe non verbal** (xestos naturais, mímica ou expresión corporal), as diferentes situacións que formule o profesor ao oído (dispoñibles ao final da actividade). O outro membro da parella deberá intentar entender que situación se lle indicou.

Ao finalizar a actividade, abrírase **un debate** sobre como se sentiron, as dificultades coas que se atoparon e como as resolveron: Credes que é difícil poder comunicarse con outra persoa cando os códigos son diferentes? Como vos comunicades con persoas doutros países cando non sabedes o seu idioma? Como credes que as persoas con discapacidade auditiva logran facer a súa vida no barrio (ir ao concello informarse, apuntarse ao ximnasio, ir ao banco porque lles cobraron de máis...)?

## **Materiais:**

Listaxe de situacións para expresar sen voz (ao final desta actividade).

## **Conclusións:**

Potenciar no alumnado o uso da comunicación non verbal e da linguaxe corporal que todos temos, perder o medo a comunicarse con persoas con discapacidade auditiva.

### **Exemplos de situacións: Comunicando en silencio**

- Tes que ir ao concello facer unhas xestións, pero perdícheste e non sabes como chegar, intenta que alguén che explique onde está o concello.
- Estás na parada do autobús e dáste de conta de que acaba de pasar o teu. Como tes présa, necesitas preguntar cando pasará o seguinte.

- Vas pola rúa e comezas a sentirte mal, paras a unha persoa para lle preguntar onde está o centro de saúde máis próximo.
- Vas á farmacia comprar uns medicamentos, pero non tes cartos e dislle à dependenta que precisas ir a un caixeiro para sacar diñeiro. Pídeslle que che explique onde está o máis próximo.
- Tocouche o reintegro da lotería, vas á administración de lotería e intentas que che expliquen canto diñeiro che tocou e onde o podes ingresar.
- Roubáronche a mochila co diñeiro e o móbil. Pídelles axuda a alguén para que chame a policía ou te acompañe á comisaría.
- Perdícheste nun centro comercial e precisas encontrar os teus amigos. Atópaste cun garda de seguridade e intentas explicarlle a situación para que che axude.
- Compraches un pantalón que che está grande. Vas á tenda e pregúntaslle à dependenta onde están os do teu talle e que chos cambie por outros que che queden ben e sexan do mesmo modelo.
- Non sabes a combinación de metro máis curta para ir desde o centro ata o aeroporto, pregúntaslle á xente como ir.
- Vas a un restaurante e pides a carta, despois pídeslle un menú vexetariano ao camareiro.
- Estragouseche o móbil e vas a unha tenda para que che dean instrucións para arranxalo ou que che indiquen que local ten wifi para conectarte a internet.
- Vas ao colexio do teu barrio e preguntas en secretaría polos pasos que hai que seguir para solicitar praza nunha actividade extraescolar que che interesa.

## 5. Título: Grandes persoas (todas as discapacidades)

### Obxectivo:

Mirar de forma positiva a discapacidade.

### Alumnado:

ESO.

### Área curricular:

Titoría.

### Duración:

2 sesións.

### Desenvolvemento da actividade:

O profesor proporalles aos seus alumnos que busquen información sobre **personaxes famosos con algunha discapacidade**. Deberán, polo menos, atopar unha persoa vinculada a cada discapacidade (discapacidade visual, discapacidade auditiva, discapacidade motórica, discapacidade física/orgánica, discapacidade psíquica, discapacidade intelectual, trastorno xeneralizado do desenvolvemento).

De cada personaxe terán que elaborar unha breve **biografía**, destacando o tipo de discapacidade e os logros que alcanzase. Despois exporanlle ao resto dos seus compañeiros estas biografías.

Ao finalizar, o profesor poderá facer unha **reflexión** cos seus alumnos a través destas preguntas: Coñecíades algún famoso con discapacidade? Cal foi o personaxe que máis vos chamou a atención? Algún personaxe foi elixido por máis dun alumno? Pensabades que as persoas con discapacidade non poden chegar a facer grandes cousas? Seguídelo crendo? Tivérono máis doado por ser famosos? A súa discapacidade é descoñecida? Por que? Prexudica a súa imaxe? Non é relevante?

**Materiais:**

Ordenadores con acceso a internet, papel e bolígrafo.

**Conclusións:**

Cofñecer persoas importantes con discapacidade que destacaron pola súa valía e achega á sociedade cos seus éxitos e logros.

**6. Título: Construindo unha ponte entre todos (todas as discapacidades)****Obxectivos:**

Aprender a cooperar respectando as diferenzas de cada un.

**Alumnado:**

ESO.

**Área Curricular:**

Titoría.

**Duración:**

1 sesión.

**Desenvolvemento da actividade:**

Divídese a clase en **grupos de 5 alumnos**, cada un deberá adoptar un rol o máis fielmente posible: discapacitado auditivo, discapacitado visual, discapacitado físico, discapacitado psíquico e persoa sen discapacidade.

O profesor repartiralle a cada grupo diferentes **materiais de reciclaxe** (papel de xornal, vasos de plástico, rolos baleiros de papel hixiénico...)

Cada grupo deberá **construír unha ponte** con todos estes materiais, asumindo cada alumno/a o rol que se lle asignou.

**Posta en común** e reflexión final: cada equipo compartirá o resultado obtido. Como se sentiron? Que dificultades tiveron para realizar a actividade? Como as solucionaron? Como organizaron o traballo, discriminaron a alguén? Cunha discapacidade puideron achegar o seu gran de area para o obxectivo común?

**Materiais:**

Material de reciclaxe: caixas de cartón, papel de xornal, vasos de plástico, revistas...; panos, cascos... ou o material necesario para simular a discapacidade e meterse no papel.

**Conclusións:**

A través da vivencia desta experiencia, chegar á reflexión de que, colaborando entre todos, somos capaces de construír algo e chegar a unha meta sen importar que sexamos diferentes.

**7. Título: Detectives, imos cruzar a rúa (todas as discapacidades)**

**Obxectivo:**

Identificar as diferentes barreiras dentro do recinto escolar (arquitectónicas, de comunicación...).

**Alumnado:**

ESO.

**Área curricular:**

Titoría.

**Duración:**

1 sesión para a realización do circuíto + 1 sesión de reflexión e conclusións.

**Desenvolvemento da actividade:**

O profesor dividirá a clase en **grupos de cinco alumnos**.

Cada grupo realizará un **circuíto polo colexio** buscando as barreiras arquitectónicas do centro (escaleiras, mobiliario do centro...). Pero non o farán de calquera modo:

En cada grupo, un alumno irá cos **ollos vendados** (discapacidade visual) e terá como guía un compañeiro que levará **tapóns** (discapacidade auditiva); outro deberá facer o circuíto nunha **cadeira de oficina con rodas** (discapacidade motórica); outro coas **mans atadas** ás costas (discapacidade física); por último, o quinto alumno de cada grupo irá sen ningunha dificultade engadida e vixiará para que os seus compañeiros non se fagan dano ante algunha barreira ou dificultade (escaleiras...).

Durante este percorrido, os alumnos deberán ir pegando **post it de cores** naqueles lugares que identifiquen como barreiras de accesibilidade. Poderán realizar anotacións nos post it (como os fai sentirse, que botan en falta, como o solucionarían...).

Cada cor de post it debe asociarse a unha discapacidade concreta que se acordará previamente na clase. Por exemplo, amarelo: discapacidade visual, rosa: discapacidade auditiva, verde: discapacidade motórica etc.

Ao volver á clase, **posta en común e reflexión**: *Que barreiras atopastes no percorrido polo colexio? Pensabades que existían estas barreiras antes de facer esta actividade? Como vos sentistes ante as dificultades? Que poderíades facer para solucionarlas? Que pasaría se fixésemos o percorrido na rúa? Credes que hai barreiras no noso barrio? Coñecedes algunha de camiño ao colexio?*

### **Materiais:**

Tapóns, panos, cadeiras de oficina con rodas, post it de cores.

### **Conclusións:**

Recoñecer e experimentar as distintas barreiras dependendo de cada unha das discapacidades.

## **8. Título: Exposición sen barreiras (todas as discapacidades)**

### **Obxectivo:**

Sensibilizar o ámbito próximo dos alumnos (pais, irmáns, amigos etc.) sobre a discapacidade e as distintas barreiras.

**Alumnado:**

ESO.

**Área curricular:**

Titoría.

**Duración:**

Varias sesións, as necesarias para a realización e organización da exposición.

**Desenvolvemento da actividade:**

A actividade desenvolverase na última etapa do concurso, cando os alumnos xa teñan finalizado ou case rematado o proxecto co que participarán.

Con axuda do seu profesor e da guía dispoñible na web, deberán desenvolver unha **exposición** no colexio, con materiais (fotos, textos adaptados, mapas do colexio e do barrio...) de todo o que foron traballando ao longo do concurso e do proxecto que van presentar.

Procurarán desenvolver unha exposición sen barreiras (espazo físico adaptado, materiais auditivos e visuais adaptados...).

Unha vez preparada a exposición, invitarán o seu círculo máis próximo a visitala.

**Materiais:**

Os que cada grupo considere necesarios para realizar a exposición e chegar a todas as posibles persoas con discapacidade ou sen ela. Recomendamos consultar a guía de Exposición autoxestionable dispoñible entre os materiais da web do concurso.

**Conclusións:**

Plasmar de forma práctica todas as experiencias e aprendizaxes arredor das diferentes discapacidades e recursos necesarios para o desenvolvemento da exposición con accesibilidade universal. Sensibilizar e concienciar o seu ámbito máis próximo.

# Anexo

## Traballos para o concurso:

Chegou a hora de que os teus alumnos se poñan mans á obra e comecen os traballos que deberedes enviar, **antes do 13 de marzo**, ao centro da ONCE máis próximo ao voso colexio (podedes consultar a listaxe de centros ONCE na web do concurso).

Recordámosvos que, se vos inscribistes marcando o recadro de **Participación en liña**, deberedes subir á web do concurso os traballos en formato dixital.

## Categorías de participación:

- **Categoría B:** os equipos de alumnos de 1.º e 2.º da ESO deberán desenvolver unha reportaxe de prensa ou videoreportaxe que nos dea a coñecer as barreiras e dificultades de accesibilidade que atoparon no seu barrio, así como o modo en que eles cren que poderían solucionarse.
- **Categoría C:** os alumnos de 3.º e 4.º teñen a mesma tarefa (analizar o seu ámbito e darnos a coñecer os seus problemas de accesibilidade e posibles solucións). Non obstante, o modo de plasmalo será mediante un **mapa**.

## Como realizar o traballo que se vai presentar?

1. É imprescindible facer e presentar o traballo en equipo. Por iso, o primeiro é a creación de **equipos de entre 3 e 5 alumnos**, cuxo traballo será supervisado e avalado por un profesor.
2. Despois, sería conveniente que o profesor, con axuda desta unidade didáctica, introducise o alumnado no tema da discapacidade e

da accesibilidade, así como que desenvolvese na aula algunhas das actividades propostas.

3. Cando os alumnos estean preparados para saíren á rúa, recomendamos unha **reunión de preparación** previa de cada equipo: que área van cubrir; que zonas desa área van analizar cada día; se necesitan que os acompañe un adulto; cantos días van necesitar; materiais que necesitan para a súa investigación (cadernos e bolígrafos para anotacións, cámara de fotos para poder recordar logo cada barreira etc.).

4. Para facilitar a súa análise de accesibilidade do ámbito, ao final deste anexo proporcionamos unha serie de **indicadores ou pistas** que os alumnos poden ter en conta. Recomendámosche que lle proporcionen unha ou varias copias da listaxe a cada equipo.

5. Unha vez que recompilen toda a información sobre o estado do barrio, deberán plasmar a súa análise no **traballo** que presentarán ao concurso (unha reportaxe ou videoreportaxe os de 1.º e 2.º, un mapa os de 3.º e 4.º).

Aqueles equipos que foron inscritos para participar de xeito tradicional (non en liña) deberán enviar os seus traballos nos **equipos a-3** que vos enviamos xunto coa unidade didáctica do profesor (unha por cada equipo). Nelas, os de 1.º e 2.º poderán crear a súa reportaxe denunciando os problemas de accesibilidade do barrio e as súas posibles solucións. Se optan por presentar unha videoreportaxe, o equipo pode servir para plasmar o guiión ou story-board previo á gravación, ou as conclusións da súa gravación. Os equipos de 3.º e 4.º de ESO utilizarán o equipo a-3 para plasmar o seu mapa do ámbito analizado, marcando as barreiras de accesibilidade e as súas posibles solucións.

Os equipos que foron inscritos para **participar en liña** deberán entrar na web do concurso. Nela atoparán axuda e soporte para a realización e entrega dos seus traballos de xeito dixital.

## **Pistas para redescubrir o barrio:**

Para facilitar a análise que os teus alumnos deben levar a cabo no barrio, facilitámosvos unha listaxe con varios indicadores de accesibilidade (ou ausencia dela) que poderán ter en conta á hora de redescubrir o ámbito.

Recomendámosvos, en primeiro lugar, que os leades e comentedes na aula para asegurar a súa comprensión.

En segundo lugar, é recomendable que todos os equipos conten con copias desta listaxe cando saian á rúa.

### 1. Pavimentos e pendentes:

- Terra, area, herba, lastros e pelouros poden supor un obstáculo no percorrido para persoas en cadeira de rodas. A superficie do pavimento debe ser dura e estable.
- Baldosas soltas, resaltes, ocos, reixas e bordos.
- Os buracos ou foxos arredor das arbores que están sen protexer ou mal protexidos convértense en elementos de risco. Os ocos e reixas non deben provocar tropezos nin que se enganchen bastóns ou rodas. Ademais, o uso destes foxos non debe de supor nunca que o espazo de paso na beirarrúa sexa insuficiente para permitir a circulación.
- Os vaos, accesos a garaxes, accesos a portais de vivendas... non deben provocar cambios de pendente inesperados e bruscos nas beirarrúas que constitúan un obstáculo insalvable e, xa que logo, unha interrupción do itinerario (que obrigará a xirar, retroceder, invadir a calzada ou buscar outro itinerario para continuar o camiño).

### 2. Pasos de peóns:

- Lugares naturais de cruzamento da calzada (por onde o sentido práctico así o suxire) que non están habilitados nin teñen cerca pasos de peóns.

- Inexistencia ou incorrecto pavimento sinalizador.
- Pendente inadecuada ou desnivel excesivo entre a beirarrúa e o paso de peóns.
- O bordo debe estar rebaixado ao comezo e ao final do cruzamento.
- Pasos sen bandas de sinalización antiesvarantes e sen contraste (cebreado).
- Pasos sen pavimento antiesvarante, non estable ou con resaltes.
- Illa para peóns no medio do cruzamento sen ancho suficiente para os peóns, especialmente se van en cadeira de rodas.
- Ausencia do sistema de emisión de sons do semáforo, o que lles imposibilita o cruzamento da calzada ás persoas cegas ou con deficiencia visual en condicións plenas de seguridade.

### 3. Escaleiras e ramplas:

- Un tramo de escaleiras ou un simple chanzo pode converterse nun obstáculo insalvable se non existe itinerario alternativo para as persoas que non poden subir ou baixar escaleiras.
- As ramplas son útiles como alternativa ás escaleiras unicamente se permiten o seu uso de forma cómoda e segura. Os problemas de deseño máis frecuentes son a carencia de sinalización dos inicios e finais da rampla, a ausencia de varandas/pasamáns accesibles, un exceso de pendente e a carencia de zócalos.
- Ausencia de sinalización accesible que indique o comezo e o final da escaleira. Sen unha sinalización táctil no chan que avise da existencia dos chanzos, as persoas invidentes poden ter un accidente.
- Inexistencia de varandas e pasamáns accesibles.

- Chanzos esvaradíos ou en mal estado.

#### 4. Mobiliario urbano:

- Os **morróns** son postes que se ancoran ao chan para evitar que os coches usen as beirarrúas para aparcar ou para que non penetren nunha zona peonil. Non obstante, deben cumprir unha serie de requisitos de accesibilidade: unha altura de entre 0'75 m e 0'90 m; un ancho ou diámetro de polo menos 10 cm; deseño redondeado, sen arestas; deben ter unha cor que contraste co pavimento; deben situarse de xeito aliñado; e non deben invadir ou limitar o espazo peonil accesible.
- Os **bancos** deben estar ben sinalizados, para que as persoas con discapacidade visual non tropecen. Tampouco deben impedir o espazo peonil, ser demasiado baixos nin carecer de respaldo.
- As **papeleiras** poden ser perigosas se son difíciles de detectar. A súa mala situación, ademais de dificultar ou impedir o uso, provoca estreitamentos bloqueando ou dificultando o paso e converténdose en obstáculos no itinerario que obrigan a buscar outros itinerarios alternativos saíndo da beirarrúa e invadindo a calzada.
- Os **contedores** de lixo adoitan estar mal deseñados, fíxate se a súa altura lle permite usalo a calquera. Ademais, a súa situación tampouco adoita ser totalmente accesible.
- Tamén as **caixas de correos** poden presentar problemas de accesibilidade polo seu deseño (demasiado altos para algunhas persoas), pola súa situación e por non estaren sinalizadas correctamente.

#### 5. Información e sinalización:

- Moitas **placas** sinalizadoras de rúas non son accesibles para persoas con algún grao de discapacidade visual: non teñen o suficiente contraste entre texto e fondo, están mal situadas ou o

tamaño/tipoloxía do texto non é axeitado para a súa visualización ou non se encontran iluminadas adecuadamente.

➤ A miúdo existen útiles **mapas** urbanos en marquesiñas, pero non son accesibles para todos: non teñen modos de consulta alternativos ao visual, os textos son demasiado pequenos, teñen indicacións e iconas pouco lexibles ou difíciles de interpretar... Ademais, se non están ben sinalizados para ser detectables provocan accidentes

#### 6. Tendas e caixeiros:

➤ Hai **caixeiros** que non son totalmente accesibles para persoas maiores ou con discapacidade: carecen de información acústica, non están adaptados para persoas con discapacidade visual (Braille e botóns de contraste), o seu deseño e altura impiden que poidan usalos persoas que utilizan cadeira de rodas e, ademais, carecen de aplicacións apropiadas no seu software para persoas con discapacidade cognitiva.

➤ O acceso ás **tendas** debe estar desprovisto de obstáculos que poidan ser unha barreira á entrada de potenciais clientes. Non obstante, moitas tendas non teñen un acceso ao nivel do chan, teñen na súa entrada varios chanzos ou un de máis de 2 cm de altura. Outras teñen portas cun ancho insuficiente, por exemplo, para o paso dunha cadeira de rodas.

#### 7. Aparcadoiros reservados:

Existen aparcadoiros reservados para vehículos de persoas con algún tipo de discapacidade. Pero non serve de nada se non cumpren certos requisitos:

➤ Deben estar ben sinalizados en horizontal (pintura no chan) e vertical (placa).

➤ Necesitan un percorrido delimitado, accesible e protexido, que vaia desde a praza de aparcadoiro ata a beirarrúa.

➤ Non debe haber ningún obstáculo.

- O resto dos condutores deben respectar estes aparcadoiros e non ocupalos indebidamente.

## 8. Incumprimento cívico:

Existen incidencias de accesibilidade que dependen directamente do comportamento dos usuarios das vías públicas.

- Obras mal sinalizadas, mal delimitadas ou que invaden un espazo excesivo da beirarrúa.
- Lixo en áreas de paso que ocasionan caídas.
- Vehículos que habitualmente obstaculizan o tránsito por unha beirarrúa: motos aparcadas, furgonetas ou camións para descargar etc.
- Soportes publicitarios (como carteis de restaurantes e tendas) que invaden a calzada.

## 9. Edificios públicos:

Nos nosos barrios existen edificios públicos (biblioteca, concello, concellería...) que ás veces non cumpren todos os requisitos para ser accesibles para todos.

- O ancho da beirarrúa do edificio debe ter, polo menos, 1,80 m.
- Debe contar con paradas accesibles de transporte público nun radio de non máis de 200 m.
- Os edificios públicos deben estar ben sinalizados. Moitos non contan cunha placa exterior que os identifique ou, se a teñen, é pouco accesible (pequena, pouco nítida, texto pequeno...).
- O seu acceso debería ser ao nivel do chan. Se ten escaleiras debe contar cun acceso alternativo (rampla, ascensor...) e debe estar ben sinalizado. O acceso debe contar con varandas e pasamáns accesibles a ambos os lados, así como pavimento sinalizador que

marque o inicio e o final da escaleira/rampla e que a súa pendente sexa a adecuada.

- Nas portas, ás veces, precísanse avisadores de petición de axuda (para que se abra a porta ou para que se activen plataformas elevadoras).
- As portas máis accesibles adoitan ser as corredizas.
- A maioría das portas dos edificios públicos son abatibles. Este tipo de portas poden ser accesibles, non obstante, a maioría ten fallos (son difíciles de abrir polo seu peso...).
- Se as portas son xiratorias, deben contar cun itinerario accesible alternativo.
- Se son acristaladas, as portas deben estar ben sinalizadas para ser detectadas e evitar choques
- O ancho da porta debe ser suficiente para o paso de calquera persoa. Lembra que as cadeiras de rodas precisan máis espazo para pasar.
- Logo, no interior, todo debería ser tamén accesible: a altura dos mostradores, os ascensores, evitar chans esvaradíos, espazos con ancho suficiente de xiro para persoas en cadeira de rodas etc.